REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

1.1 33519 (10/POC-005245)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa estrada PO-552 entre Vigo e Baiona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

1.2 36504 (10/POC-005810)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre as razóns do incremento no verán de 2018 do número de persoas falecidas nas estradas galegas, as intencións do Goberno galego en relación co Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 e as actuacións levadas a cabo dende a súa entrada en vigor para reducir a sinistralidade e o número de falecementos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

1.3 37672 (10/POC-005946)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a información, as actuacións que está a levar a cabo e as medidas adoptadas, así como as previstas, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coas verteduras sen depurar procedentes do polígono industrial de Melide que se están a realizar a un regato que verte no río Furelos, afluente do río Ulla
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

1.4 38286 (10/POC-006035)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre o estado de tramitación do regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e do código de accesibilidade que prevexa todas as normas técnicas susceptibles de aplicación na materia, así como as razóns do incumprimento do prazo acordado no Parlamento de Galicia para a súa aprobación e a data prevista polo Goberno galego para a súa publicación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.5 38400 (10/POC-006045)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo referido á adquisición dos terreos da empresa Duchess co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande, en Redondela, unha base loxística e de reparación de contedores, a situación dese espazo dentro do ámbito de protección da Rede Natura 2000 e o impacto que vai ter nel ese proxecto, así como na calidade de vida da veciñanza da zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

1.6 38818 (10/POC-006095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

1.7 39397 (10/POC-006180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o Porto Seco de Monforte como plataforma loxística intermodal estrada-ferrocarril para o transporte de mercadorías, a súa opinión referida ao cumprimento da función inicialmente prevista para esa infraestrutura e as datas estimadas para o inicio e remate das obras de conexión coa estrada N-120, así como as actuacións levadas a cabo para a implantación de empresas nela e mellorar a conexión ferroviaria Monforte-Palencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz	P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias	P

Secretario

Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33519(10/POC-005245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa estrada PO-552 entre Vigo e Baiona

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 11:26
Nº Rexistro: 33519
Data envio: 17/07/2018 11:26:40.539

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Marta Novoa Iglesias, Jacobo Moreira Ferro, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A estrada de Camposancos, PO-552, que une os concellos de Vigo, Nigrán e Baiona é unha das estradas máis importantes da comarca de Vigo, atravesando varios núcleos de poboación e concentrando nas súas marxes unha intensa actividade comercial e de servizos. Os datos de tráfico son un reflexo desta realidade, e mesmo chega a superar unha intensidade de tráfico superior aos 20.000 vehículos ao día nalgún dos seus treitos. Consecuencia desta actividade e desta intensidade de tráfico, cómpre prestar unha especial atención a esta estrada, e traballar para reducir a súa sinistralidade ao mínimo posible.

Os Orzamentos da Xunta de 2018 reflicten que a seguridade viaria é unha materia prioritaria para o Goberno galego, polo que se teñen incrementado nun 34 % as partidas específicas destinadas a este fin. En relación coa seguridade viaria, tamén o Plan de Reforzos de Firme ten aumentado de modo moi importante a súa dotación, pasando de 15 a 20 millóns de euros, complementando de modo importante a partida de máis de 23 millóns de euros correspondente á conservación ordinaria da rede autonómica de estradas e ao Plan de viabilidade invernal. E neste 2018 continúase traballando no Plan de Sendas de Galicia, que prevé a execución de sendas seguras, sostibles e integradas na paisaxe ao longo da rede autonómica de estradas.

Neste sentido, é coñecida a aposta da Xunta de Galicia de mellorar a estrada de Camposancos, coa execución de tres treitos de senda peonil entre Coruxo e Roteas e en Saiáns, en Vigo, e en Priegue (Nigrán).

Pero hai uns meses tamén se anunciou por parte da Consellería de Infraestruturas que se ía impulsar unha importante medida en materia de seguridade viaria, como é o desenvolvemento dunha estratexia para a eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas de titularidade autonómica, que para a comarca de Vigo recolle distintas actuacións nos concellos de Vigo, Nigrán, Gondomar, Cangas e Moaña por importe de 5,4 millóns de euros de investimento e que debe de executarse entre os anos 2018 e 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/07/2018 11:26
Nº Rexistro: 33519
Data envio: 17/07/2018 11:26:40.539

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Pola importancia e a necesidade que existía dende hai tempo no sur da provincia de Pontevedra, en canto a diferentes actuacións na rede viaria, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia na estrada PO-552 entre Vigo e Baiona, de acordo coa Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes nas estradas autonómicas?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2018 11:15:14

Jaime Castiñeira Broz na data 17/07/2018 11:15:27

Martín Fernández Prado na data 17/07/2018 11:15:33

Marta Novoa Iglesias na data 17/07/2018 11:15:42

Jacobo Moreira Ferro na data 17/07/2018 11:15:49

María Julia Rodriguez Barreira na data 17/07/2018 11:15:57

Gonzalo Trenor López na data 17/07/2018 11:16:05

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 17/07/2018 11:16:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 36504(10/POC-005810)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre as razóns do incremento no verán de 2018 do número de persoas falecidas nas estradas galegas, as intencións do Goberno galego en relación co Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 e as actuacións levadas a cabo dende a súa entrada en vigor para reducir a sinistralidade e o número de falecementos

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36504
Data envio: 12/09/2018 19:44:58.886

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª.**

Este verán incrementáronse as mortes nas estradas galegas, xerando unha tendencia que comeza a ser alarmante despois de anos de tendencia á baixa.

Galicia é a segunda comunidade con maior aumento do número de falecidos nas súas vías durante xullo e agosto, con 21 persoas mortas, 11 máis que no mesmo período de 2017.

Fai uns meses a Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Ethel Vazquez, compareceu no Parlamento de Galicia presentando o Plan 2016-2020 de seguridade viaria de Galicia.

Tendo en conta este alarmante incremento de falecidas nas estradas galegas, e que chega nun contexto previo no que os datos de sinistralidade en Galicia xa se atopaban entre os máis altos do Estado, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) A que se debe o incremento de mortalidade nas estradas galegas?

2.ª) Atendendo a estes resultados, segue a Xunta de Galicia apostando polo plan 2016-2020, prepara modificacións no mesmo ou a creación dun novo?

3.ª) Que actuacións concretas ten realizado a Xunta de Galicia para reducir a sinistralidade e o número de falecidas en Galicia estes tres anos de desenrolo do plan?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 09:30
Nº Rexistro: 36504
Data envio: 12/09/2018 19:44:58.886

GRUPO PARLAMENTAR en marea

4.ª) Que está facendo ou vai a facer a Xunta de Galicia para reverter esta situación?

Santiago de Compostela 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 12/09/2018 19:42:40

Antón Sánchez García na data 12/09/2018 19:42:52

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 37672(10/POC-005946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a información, as actuacións que está a levar a cabo e as medidas adoptadas, así como as previstas, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coas verteduras sen depurar procedentes do polígono industrial de Melide que se están a realizar a un regato que verte no río Furelos, afluente do río Ulla

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37672
Data envio: 27/09/2018 10:17:34.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños** e **Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Polígono Industrial de Melide goza dunha implantación de naves que dan acubillo a un bo número de empresas, sendo esta ocupación tan alta que entre as empresas xa ubicadas e en plena actividade e as reservas de parcelas para novas ubicacións, queda a estas alturas pouco solo industrial libre.

É de obrigado cumprimento que o impacto medioambiental que poida xera-la actividade industrial sexa debidamente controlado e minimizado por medio de dispositivos que reduzan en orixe os refugallos contaminantes resultantes da mesma, principalmente a contaminación das augas.

Pois ben, que se saiba, o polígono industrial de Melide non conta cunha depuradora de augas e vertidos ó saneamento do mesmo e verte directamente a un regato que á súa vez verte no río Furelos afluente do río Ulla.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37672
Data envio: 27/09/2018 10:17:34.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Se isto é ilegal, como é que desde a Consellería de Medio Ambiente se consinte este estado de cousas?

- Sabe a Consellería de M. Ambiente desta situación anómala e de que estas augas contaminadas rematan por ir dar ó río Ulla, vea fluvial que fornece de auga potable varias poboacións e que forma a ría de Arousa con toda a riqueza que esta garda?

- Fai controis periódicos das augas que se verten ó Furelos?

- Tomou algunha medida ó respecto, fixou responsabilidades, algo?

- Ten pensada algunha solución ó problema?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37672
Data envio: 27/09/2018 10:17:34.834

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/09/2018 10:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2018 10:13:18

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2018 10:13:20

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2018 10:13:22

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2018 10:13:23

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2018 10:13:25

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 38286(10/POC-006035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o estado de tramitación do regulamento de desenvolvemento da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e do código de accesibilidade que prevexa todas as normas técnicas susceptibles de aplicación na materia, así como as razóns do incumprimento do prazo acordado no Parlamento de Galicia para a súa aprobación e a data prevista polo Goberno galego para a súa publicación

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 12:38
Nº Rexistro: 38286
Data envio: 05/10/2018 12:38:21.018

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

O pasado 17 de novembro do 2017 en Comisión 2.ª do Parlamento galego foi aprobada con modificacións e por unanimidade a seguinte proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario Socialista:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que aprobe, antes de que finalice o primeiro semestre de 2018, o regulamento de desenrolo da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e o código de accesibilidade que contemple todas as normas técnicas aplicables na materia."

A proposta contemplaba a aprobación previo á finalización do primeiro semestre de 2018, isto é, antes do mes de xullo.

Transcorridos xa tres meses desde a finalización do prazo, e preocupados pola demora na súa aprobación , as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o estado de tramitación do regulamento de desenrolo da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, e o código de accesibilidade que contemple todas as normas técnicas aplicables na materia?
2. Que ten motivado que non se conquerise a súa aprobación na data acordada e logo de case un ano da súa aprobación por unanimidade na Comisión 2.ª do Parlamento galego?
3. En que data está prevista a publicación deste regulamento?
4. Comparte este Goberno a urxencia de aprobalo inmediatamente?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/10/2018 12:37:30

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2018 12:38
Nº Rexistro: 38286
Data envio: 05/10/2018 12:38:21.018

Noela Blanco Rodríguez na data 05/10/2018 12:37:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/10/2018 12:37:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/10/2018 12:37:47

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 38400(10/POC-006045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo referido á adquisición dos terreos da empresa Duchess co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande, en Redondela, unha base loxística e de reparación de contedores, a situación dese espazo dentro do ámbito de protección da Rede Natura 2000 e o impacto que vai ter nel ese proxecto, así como na calidade de vida da veciñanza da zona

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 18:19
Nº Rexistro: 38400
Data envio: 08/10/2018 18:19:00.245

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Abel Losada Álvarez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Autoridade Portuaria de Vigo é un ente público que depende de Portos do Estado, polo tanto, do Ministerio de Fomento, e con área de influencia nos concellos de Vigo, Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela. De feito, ocupa terreos de dominio público marítimo-terrestre e aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas, mesmo en terreos que pertencen á Rede Natura 2000. Unha desas parcelas son os terreos da empresa "Duchess" ou "Cargadoiro de Mineral de Rande".

Nestas últimas semanas, o presidente da Autoridade Portuaria, Enrique López Veiga, vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa "Duchess" co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande unha base loxística e de reparación de contedores. Converteríase este ámbito, de algo máis de 40.000 metros cadrados, nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000 (Estreito de Rande, Enseada de San Simón, Lugar de Interese Comunitario -LIC). Nalgunha das declaracións de López Veiga ten recollido a necesidade de recuperar a actividade no "Cargadoiro de Pedra" de Rande, e mesmo chegar aínda máis a dentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.

A ninguén se lle escapa que un proxecto destas características terá un impacto negativo neste espazo protexido medioambientalmente, ademais de na calidade de vida da veciñanza de Rande e Cabana. Os impactos van ser variados:

- Elevado nivel de ruído diurno e nocturno.
- Vibracións permanentes.
- Fortes cheiros.
- Elevada contaminación do aire por emisión de CO2 e partículas debido o tránsito de camións.
- Concentración de residuos.
- Deterioro da paisaxe.
- Emisión de volátiles procedentes de colectores rotos ou mal pechados.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2018 18:19
Nº Rexistro: 38400
Data envio: 08/10/2018 18:19:00.245

– Incendios por manipulación de colectores de produtos químicos.
– Foco de acumulación de parásitos e propagación de especies invasoras.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que ten que dicir o Goberno galego sobre o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de adquisición dos terreos pertencentes á empresa "Duchess" e co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande (Redondela) unha base loxística e de reparación de contedores?
2. Sabe o Goberno que ese espazo está en terreos de Rede Natura 2000?
3. Ten coñecemento o Goberno dos impactos que se van producir neste espazo protexido medioambientalmente, ademais de na calidade de vida da veciñanza de Rande?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Abel Losada Álvarez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/10/2018 18:13:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/10/2018 18:13:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2018 18:13:38

María Luisa Pierres López na data 08/10/2018 18:13:44

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 38818(10/POC-006095)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as xestións que está a levar a cabo o Goberno galego para a elaboración dunha proposta de ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 13:07
Nº Rexistro: 38818
Data envio: 16/10/2018 13:07:05.093

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta,** para a súa resposta oral na **Comisión 2.ª**

O Plan Director da Rede Natura (PDRN) aprobado o 27 de marzo de 2014, supuxo o abandono da proposta da Xunta do 2011, mesmo sometida a información pública, de ampliación dos LIC existentes e de creación de novos LIC.

E non se trata só de que Galiza segue sendo das nacións con menor porcentaxe de superficie ocupada por Rede Natura senón que espazos merecentes de ser catalogados como LIC deixaron de estalo, o que supuxo e supón a súa desvalorización a efectos de protección e posta en valor, con especial transcendencia a efectos de clasificación e categorización urbanístico dos terreos e usos prohibidos, autorizables e permitidos dos mesmos.

En efecto, na actualidade Galiza ten 59 LIC, que representan o 11,7% da superficie territorial do noso País; porcentaxe moi inferior á media estatal (23,1%). Nas zonas ZEPA acontece o mesmo (Galiza, 3% da superficie; media estatal 20,1%).

Nas Decisións/resolucións da UE 2004/813/CEE e 2006/613/CEE xa se precisaba a deficiencia e incumprimento da Directiva 92/43 de conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, polo cal detallaba, e para cada Estado (Anexo II de ditas Decisións) unha serie de especies/tipos de hábitats cubertos insuficientemente polo listado de LIC aprobados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 13:07
Nº Rexistro: 38818
Data envio: 16/10/2018 13:07:05.093

Dentro do listado de hábitats insuficientemente protexidos por LIC estaban, por exemplo, as breixeiras húmidas atlánticas e os mires de transición (brañas e similares), de especial incidencia na Galiza.

Pois ben, e cos antecedentes das Decisións da UE antes mencionadas, no 2011 a Xunta comeza a tramitación dunha proposta de ampliación da RN, tanto coa ampliación de 28 [1] dos LIC existentes como pola proposta de 22 [2] novos LIC. Dita proposta, aínda coas súas limitacións e omisións de espazos a protexer, supoñía un avanzo respecto da situación existente, e foi sometida a exposición ao público (por dúas veces) e o goberno da Xunta desistiu expresamente da mesma, aprobando un PDRN no que nin houbo ampliación da delimitación dos LIC existentes nin se aprobaron novos LIC, incumpríndose dese xeito as Decisións da UE respecto da insuficiencia e incumprimento por Galiza da obriga de incrementar a RN en aplicación da Directiva 92/43.

Despois de máis de 3 anos o PP levou, en xuño de 2017, á Comisión 2ª unha proposta para instar á Xunta a "iniciar los trabajos de estudio y documentación para ampliar la Red Natura 2000".

Máis de un ano despois seguimos sen ter novas de sí efectivamente a Xunta de Galicia iniciou algunha acción encamiñada a ampliar a Rede Natura.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión:

Está a acometer algún tipo de xestión conducente a elaborar unha proposta de ampliación da Rede Natura en Galiza?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 13:07
Nº Rexistro: 38818
Data envio: 16/10/2018 13:07:05.093

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 16/10/2018 13:05:24

Marcos Cal Ogando na data 16/10/2018 13:05:29

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 13.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 39397(10/POC-006180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación na que se atopa o Porto Seco de Monforte como plataforma loxística intermodal estrada-ferrocarril para o transporte de mercadorías, a súa opinión referida ao cumprimento da función inicialmente prevista para esa infraestrutura e as datas estimadas para o inicio e remate das obras de conexión coa estrada N-120, así como as actuacións levadas a cabo para a implantación de empresas nela e mellorar a conexión ferroviaria Monforte-Palencia

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397
Data envio: 25/10/2018 17:05:10.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre os investimentos da Xunta de Galiza no Porto Seco de Monforte e a creación dunha plataforma loxística intermodal para o transporte de mercadorías no país.

O Porto Seco de Monforte constitúe un dos exemplos máis claros do desleixo do Partido Popular cara á provincia de Lugo e especialmente coas comarcas do sur.

Esta infraestrutura foi anunciada como plataforma loxística no ano 2001 polo daquela presidente da Xunta, Fraga Iribarne, e inaugurada por Alberto Núñez Feijóo en 2014. Na actualidade e após un investimento de 20 millóns de euros o que se anunciou como o nó para o transporte de mercadorías por ferrocarril e estrada de Galiza, ficou convertido nunha sorte de polígono industrial, ora ben, sen empresas.

Alén diso, o Porto Seco acumula anos de parálise no referido á súa conexión por estrada e ferrocarril, indispensábel para cumprir co compromiso de se constituír como plataforma loxística intermodal e favorecer o fluxo de mercadorías.

Neste senso, un dos elementos chave que corresponden á competencia exclusiva da Xunta de Galiza para a posta en andamento do Porto Seco é a conexión deste coa N-120. Para tal fin, o goberno publicou en xaneiro de 2018 o proxecto para a nova conexión cuxo custe ascende a 4,5 millóns de euros.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397
Data envio: 25/10/2018 17:05:10.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, nese ano 2018 os Orzamentos da Xunta de Galiza prevían unha partida de apenas 750.000 euros para o Porto Seco a través da Axencia Galega de Infraestruturas, unha contía que non se executou e que volve ser incluída para o exercicio de 2019.

Así mesmo, é urxente que esta infraestrutura conte con conexións ferroviarias competitivas o que exixe a modernización da liña Palencia-A Coruña, como xa sinalou o Eixo Atlántico nun informe en maio de 2016.

Recentemente Bruxelas aprobou a incorporación de Galiza ao Corredor Atlántico e con ela a liña A Coruña-Vigo-Ourense-Monforte-O Barco-Palencia, porén, a falta de investimentos e o desleixo da Xunta de Galiza e o Goberno do Estado español co Porto Seco avivou o debate sobre cal será o nó das mercadorías. Un debate que para o Bloque Nacionalista Galego non ten cabida algunha e debe ficar fóra de toda dúbida que ese papel debe xogalo Monforte e o Porto Seco.

Por todo o exposto anteriormente formulamos as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Cre a Xunta que Galiza contará nalgún momento cunha plataforma loxística no Porto Seco que sirva para o que foi deseñada?

- Como valora a situación na que se atopa o Porto Seco en tanto que plataforma loxística intermodal estrada/ferrocarril para o transporte de mercadorías?

- Cre o Goberno galego que case dúas décadas despois de ser proxectado e 20 millóns euros en investimentos o Porto Seco cumpre a función para a que foi concibido?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397
Data envio: 25/10/2018 17:05:10.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Aposta verdadeiramente a Xunta de Galiza en Monforte e o Porto Seco como nó de mercadorías por estrada/ferrocarril para Galiza?

- Cando prevé o goberno galego iniciar as obras da conexión do Porto Seco coa N-120? Cando prevé que remate das mesmas?

- Que accións ten desenvolvido a Xunta diante do Goberno español para mellorar a conexión ferroviaria Monforte-Palencia?

- Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza para a implantación de empresas nesta plataforma loxística?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2018 17:05
Nº Rexistro: 39397
Data envio: 25/10/2018 17:05:10.150

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2018 17:01:41

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2018 17:01:46

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2018 17:01:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2018 17:01:48

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2018 17:01:50

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2018 17:01:51